

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e tres de decembro do ano dous mil dezaseis, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, EXTRAORDINARIA, DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2016.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezaseis de decembro de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- EXPROPIACIÓN FORZONSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE EXPLANACIÓN E AFIRMADO DE CUÑAS NA OU-0214, N.º 125/PB/2015, NO MUNICIPIO DE RAMIRÁS.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o proxecto técnico da obra “explanación e afirmado de cuñas na OU-0214”, n.º 125/PB/2015, no municipio de Ramirás, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	REF. CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
1	32069A183000260000MU	RURAL	JUAN ALBERTO E JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ VAQUERO	8,69

4º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE. PROGRAMA CHEGOU.-

Seguindo instrucións da Presidencia, procedeuse á elaboración das bases reguladoras para concesión de subvencións para o fomento da natalidade da provincia de Ourense, programa chegOU, correspondente ao exercicio 2017, por parte da Área de Benestar da Deputación de Ourense co apoio da Secretaría Xeral.

A Presidencia, en atención aos resultados e á aceptación obtida polo desenvolvemento deste programa durante o ano 2016, pon en marcha novamente o programa de fomento da natalidade dentro da provincia de Ourense, contribuíndo así na loita contra a despoboación e a desruralización e, por segundo ano consecutivo, regulando o programa ChegOU de axudas directas a aqueles proxenitores que teñan ou adopten, durante este ano 2017, un/a neno/a menor de 1 ano.

Na regulación do ano 2017 séguese una liña continuísta en relación cos requisitos das persoas solicitantes para acadar a subvención, se ben se rebaixa o tempo de empadroamento previo esixido, que pasa de ser dous (2) anos -anteriores ao nacemento do/a neno/a-, a un (1) ano -anterior ao 1 de xaneiro de 2017-, con isto quérese ter en conta a todas aquelas persoas que están realmente residindo na nosa provincia sen penalizar aos que por razóns de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

estudos, motivos laborais etcétera tiveran, nos últimos dous (2) anos, cambios de residencia temporal.

As bases do ano 2017 dan resposta ás incidencias detectadas en varios casos e referidas aos nacementos que tiveron lugar no último trimestre do ano 2016, nos que a inminencia da finalización do prazo para a súa tramitación, unida a circunstancias médicas inherentes ao feito do nacemento, provocou que solicitantes, potencialmente beneficiarios, se tiveran quedado fóra de prazo.

Estas bases adáptanse e referéncianse á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e obteñen o seu encaixe competencial no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que lle atribúe á Deputación a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, respondendo ás previsións da liña c.6 de fomento do benestar do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Ourense e do INORDE para o exercicios 2016-2019 (BOP núm. 29, do 5 de febreiro 2016), dentro da acción III do Plan de acción contemplado no apartado 5º III.

Polo exposto, e unha vez visto o proxecto de bases elaborado pola Área de Benestar e supervisado pola Vicesecretaría Xeral, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións para o fomento da natalidade da provincia de Ourense. Programa ChegOU, exercicio 2017, co seguinte contido:

Primeira: Obxecto da subvención

1.- Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar outorgaralle, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante o ano 2017, ou durante o último trimestre do ano 2016, tivera ou teña un fillo ou filla ou adopte un neno ou nena menor dun ano, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 la Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 285, do 13 de decembro de 2013).

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

2. A través do procedemento regulado nestas bases, a Deputación de Ourense concederá subvencións polo feito certo do parto/adopción dun neno/a que teña lugar durante o ano 2017, ou tivera lugar durante o último trimestre do ano 2016.

Segunda.- Beneficiario/a

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

1.- O/a proxenitor/a ou adoptante dun neno ou nena menor dun ano, nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017 que se inscriba nalgún rexistro civil da provincia de Ourense, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

- Figurar empadroadado/a nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude da axuda.
- Ter unha antigüidade no empadroamento na provincia de Ourense, polo menos, de 1 ano ininterrompido e inmediatamente anterior ao 1 de xaneiro do ano 2017.

Cada neno/a nacido/a ou adoptado/a dará dereito a unha única subvención a favor do solicitante: proxenitor/a ou pai/nai do menor.

2.- O/a proxenitor/a ou adoptante dun neno ou nena menor dun ano, nacido entre o 1 de outubro do ano 2016 e o 31 de decembro do 2016, que se inscriba nalgún rexistro civil da provincia de Ourense, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

- Figurar empadroadado/a nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude da axuda.
- Ter unha antigüidade no empadroamento na provincia de Ourense, polo menos, de 2 anos inmediatamente anteriores á data do nacemento do menor que motiva a solicitude.

Cada neno/a nacido/a ou adoptado/a dará dereito a unha única subvención a favor do solicitante: proxenitor/a ou pai/nai do menor

Terceira. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48909, ata un máximo de 400.000 € (catrocentos mil euros). Periodicamente a Área de Benestar da Deputación de Ourense realizará un balance orzamentario do desenvolvemento de programa.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Cuarta.- Contía

A subvención terá un importe certo de 300 € por neno/a nacido/a ou menor adoptado/a durante o ano 2017 ou durante o último trimestre do ano 2016

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1. As solicitudes dos nenos/as nados/as ou adoptados/as durante o ano 2017 poderanse presentar desde o día seguinte á publicación destas bases e ata o 31 de decembro de 2017. No caso de que o nacemento do menor ou resolución de adopción que motiva a solicitude tivera lugar entre o 1 de decembro e o 31 de decembro de 2017, o prazo de solicitude rematará o día 15 de xaneiro do ano 2018.
2. As solicitudes dos nenos/as nados/as ou adoptados/as durante o último trimestre do 2016, poderanse presentar desde o día seguinte ao da publicación destas bases e ata transcorridos 2 meses desde esta data.
3. As solicitudes deberanse presentar telematicamente a través do enderezo <http://natalidade.depourense.es> rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administración públicas, ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.
4. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se estableza. Todo o proceso deberá tramitarse a través da plataforma informática. A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que esta deficiencia conste emendada.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

5. Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 outubro de procedemento administrativo común das administración públicas, deberán achegar:

- a. Copia do DNI ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
- b. Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c. Copia da inscrición do nacemento nun rexistro da provincia de Ourense, só no caso de non autorizar a consulta.
- d. Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporado o expediente electrónico da solicitude.

As solicitudes, unha vez completadas, serán rexistradas no Rexistro Xeral da Deputación por persoal da Área de Benestar desta institución, se así son autorizados pola persoa solicitante. En caso contrario, terán que ser rexistradas utilizando o DNI electrónico do propio solicitante, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratar estes datos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta prepago e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada quince días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do venres anterior ao da valoración ata as 23.59 horas do xoves, previo ao venres de valoración, salvo daquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirlle ao solicitante para presentar algunha documentación. O sistema determinará a cualificación como “conforme con axuda á natalidade Deputación” ou “excluída”, en atención a que se cumpran os requisitos de acceso esixibles para ter dereito a ela ou non. Logo da comprobación conforme das características de acceso incluíranse na resolución quincenal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa quincena, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes. Paralelamente remitiráselle á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituído pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido na Lei de Procedemento administrativo, e no enderezo electrónico <http://natalidade.depourense.es>

Sétima.- Tarxeta electrónica da Deputación

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución recibirán no enderezo sinalado na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta “**chegOU**”.

O funcionamento da Tarxeta **chegOU** é o que segue:

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usala en farmacias e parafarmacias para a adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde relacionados co neno/a, estando excluído o seu uso on line e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o mes de febreiro do ano 2018 .

En atención á evolución tecnolóxica dos instrumentos electrónicos de pago, será posible que ás persoas beneficiarias se lles ofrezca a posibilidade de utilizar sistemas de pago electrónico complementario ao da propia tarxeta.

Oitava.- Gastos subvencionables

As subvencións terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior á do nacemento/adopción do neno/a que motiva a subvención e ata o 28 de febreiro de 2018.
2. Que conste como executora do gasto a persoa beneficiaria da subvención.

Novena.- Xustificación da subvención e pago de subvencións

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante-beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser proxenitor/a dun neno/a nacido durante o ano 2017 ou pai/nai dun menor adoptado/a durante o ano 2017 non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nesta bases serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poida derivar ningún dereito para aquel beneficiario que non tivera feito uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Décima.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

Decimo primeira - Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CAPELA MADRIGALISTA DE

OURENSE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.14 unha subvención nominativa, por importe de 1.500,00 euros, a favor da Capela Madrigalista de Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Capela Madrigalista de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 1.500,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CLUB DEPORTIVO XADREZ OURENSE.-

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.09 unha subvención nominativa, por importe de 3.000,00 euros, a favor do Club Deportivo Xadrez Ourense, para promoción do xadrez.

Unha vez vista a solicitude, por importe de 1.600,00 euros, formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Club Deportivo Xadrez Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 1.600,00 euros.

-Obxecto: promoción do xadrez en varios concellos da provincia de Ourense.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA.-

No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do orzamento de 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 422.11/489.18, a cantidade de 25.000,00 euros a favor do Clúster da Asociación Galega de Pizarristas, para convenio de actuacións.

A dita asociación solicitou que esta subvención lle sexa outorgada ao Clúster da Pizarra de Galicia polo, que no Pleno, con data 29 de xullo de 2016, no que se aprobou o expediente n.º 4/2016, figura unha subvención ao Clúster da Pizarra de Galicia, para convenio de actuacións do clúster correspondentes ao ano 2016, por importe de 25.000,00 euros.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Clúster da Pizarra de Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: convenio de actuacións do clúster correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN SIERRA DE LA ENCINA DE BIOBRA.

- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.01 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor da Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común Sierra de la Encina de Biobra, sita no termo municipal de Rubiá, para arranxos no local social e traballos medioambientais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común Sierra de la Encina de Biobra, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: arranxos no local social e traballos medioambientais.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos -30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/489.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor da Confederación Empresarial de Ourense, para o desenvolvemento de accións empresariais provinciais e gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Confederación Empresarial de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

-Obxecto: desenvolvemento de accións empresariais provinciais e gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.09 unha subvención nominativa, por importe de 3.500,00 euros, a favor da Federación Galega de Balonmán, para promoción do balonmán.

Unha vez vista a solicitude, por importe de 1.002,00 euros, formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Federación Galega de Balonmán, nos seguintes termos:

-Importe: 1.002,00 euros.

-Obxecto: promoción do balonmán: escolas de balonmán.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó LICEO DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.01 unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor do Liceo de Ourense, para adquisición de vestiario para compoñentes da coral.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao do Liceo de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: adquisición de vestiario para compoñentes da coral.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó LICEO DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.14 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Liceo de Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao do Liceo de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2016.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEARIZ.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 5.448,00 euros, a favor do Concello de Beariz, para obras de instalacións fotovoltaicas na casa do concello e colexio.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Beariz, nos seguintes termos:

-Importe: 5.448,00 euros.

-Obxecto: obras de instalacións fotovoltaicas na casa do concello e colexio.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto da actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de xaneiro de 2017.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIBADAVIA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 35.000,00 euros, a favor do Concello de Ribadavia, para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2015.

Unha vez que o beneficiario presentou a solicitude, a conta xustificativa da actividade obxecto da subvención, informada favorablemente pola Sección de Subvencións, así como a fiscalización previa en sentido favorable realizada pola Intervención, cumprindo co previsto no artigo 15, apartado 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación (BOP n.º 185, do 13 de decembro de 2013), e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Ribadavia, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

-Importe: 35.000,00 euros.

-Obxecto: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2015.

-Xustificación: declarar xustificada a dita subvención, e ordenar que se proceda ao pago de 35.000,00 euros, no prazo de 30 días naturais dende a data deste acordo.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIBADAVIA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 35.000,00 euros, a favor do Concello de Ribadavia, para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2015.

Unha vez que o beneficiario presentou a solicitude, a conta xustificativa da actividade obxecto da subvención, informada favorablemente pola Sección de Subvencións, así como a fiscalización previa en sentido favorable realizada pola Intervención, cumprindo co previsto no artigo 15, apartado 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación (BOP n.º 185, do 13 de decembro de 2013), e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Ribadavia, nos seguintes termos:

-Importe: 35.000,00 euros.

-Obxecto: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2015.

-Xustificación: declarar xustificada dita subvención, e ordenar que se proceda ao pago de 35.000,00 euros, no prazo de 30 días naturais dende a data deste acordo.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE TABOADELA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Concello de Taboadela, para arranxo dos velorios de Pereiras e Torán.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Taboada, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: arranxo dos velorios de Pereiras e Torán.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto da actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de xaneiro de 2017.

16.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN CULTURAL NO CAMPUS DE OURENSE.- No Pleno de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 45100-32611, a cantidade de 165.000,00 euros a favor da Universidade de Vigo.

No Pleno de data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

orzamentaria 326.11/451.00, a cantidade de 20.000,00 euros a favor da Universidade de Vigo.

Con data 11 de outubro de 2016, a Presidencia da Deputación subscribiu un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.

A través do dito convenio, concédeselle unha subvención nominativa á Universidade de Vigo por importe de 185.000,00 € para o financiamento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense, con data 11 de outubro de 2016, para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, por importe de 185.000,00 euros.

Segundo.- A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- Acreditación das medidas de difusión adoptadas, de acordo co que figura na cláusula terceira do convenio de referencia.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

17.- ASUNTOS DE URXENCIA: Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, adoptáronse os seguintes acordos:

17.a) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA PARA CELEBRACIÓN DUN CONGRESO INTERNACIONAL DE ESCRITORES.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.08, a cantidade de 30.000,00 euros a favor da Asociación Cultural Pen Club de Galicia, para a celebración dun congreso internacional de escritores.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural Pen Club de Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: celebración dun congreso internacional de escritores.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe subvencionado, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

17.b) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA GUDIÑA.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2015 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2015, no que se prevía con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención, por importe de 40.000,00 euros, ao Concello da Gudiña, para terminación dun parque infantil.

Con data 17 de decembro de 2015, o Concello da Gudiña comunica a renuncia expresa á dita subvención, e solicita que se incluía para o orzamento de 2016 a construción de pista de tenis e pavimentación, polo importe de 40.000,00 euros.

No Pleno de data 29 de xaneiro de 2016, tendo en conta o solicitado polo beneficiario, procédese ao cambio de finalidade, quedando como construción de pista de tenis e pavimentación, polo importe de 16.396,70 euros.

Advertido un erro material na contía establecida, no Pleno de data 29 de abril de 2016, procédese a súa corrección, quedando como subvención ao Concello da Gudiña para construción de pista de tenis e pavimentación, por importe de 40.000,00 euros.

No Pleno, con data 28 de outubro de 2016, acordouse aprobar unha modificación dos expedientes de modificación números 3/2016 e 4/2016, nos que se modifica a subvención nominativa de 40.000,00 euros para construción de pista de tenis e pavimentación no Concello da Gudiña, substituíndoa pola construción de pista polideportiva.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Gudiña, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 euros.

-Obxecto: construción de pista polideportiva.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto da actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

17.c) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MELÓN.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 18.150,00 euros, a favor do Concello de Melón, para a redacción dun proxecto técnico.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Melón, nos seguintes termos:

-Importe: 18.150,00 euros.

-Obxecto: redacción dun proxecto técnico.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de xaneiro de 2017.

17.d) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

nominativa, por importe de 9.000,00 euros, a favor do Concello de Vilamartín de Valdeorras, para acondicionamento da praza de Cernego.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Vilamartín de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 9.000,00 euros.

-Obxecto: acondicionamento da praza de Cernego.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de xaneiro de 2017.

17.e) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA, XURÍDICA E ADMINISTRATIVA NA

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

XESTIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO MUNICIPIO DO BARCO DE VALDEORRAS DURANTE O EXERCICIO 2017.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Vicesecretaría Xeral desta Deputación, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa na xestión do servizo de abastecemento de auga potable no municipio do Barco de Valdeorras para o exercicio 2017, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio

1. Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial, de asistencia técnica, xurídica e administrativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión delegada do servizo municipal de abastecemento de auga potable no municipio do Barco de Valdeorras.

A subscrición deste convenio pola Deputación Provincial realízase no exercicio da súa competencia para a asistencia e cooperación cos municipios e demais entidades locais, prevista no artigo 36.1.b) da Lei de bases de réxime local.

A subscrición deste convenio polo Consorcio de Augas de Valdeorras realízase no exercicio da competencia de xestión do servizo público municipal de abastecemento domiciliario de auga potable do municipio do Barco de Valdeorras, delegada no Consorcio por acordo do pleno do Concello do Barco de Valdeorras.

2. En virtude deste convenio, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, as seguintes prestacións:

- a) Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución.
- b) Mantemento correctivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución.
- c) Supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de abastecemento.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

d) Realización dos controis analíticos de calidade da auga abastecida e asistencia para o cumprimento das obrigas derivadas do Real decreto 140/2003.

e) Asistencia para a lectura de contadores, elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de abastecemento e do canon da auga. Nesta prestación incluírase a asistencia para a elaboración dos padróns da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, ao estar actualmente unificados os recibos destes tributos neste municipio.

f) Limpeza ordinaria de depósitos.

g) Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais.

h) Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

i) Xestión da contratación da subministración de enerxía eléctrica para as infraestruturas afectas ao servizo.

3. As prestacións a que se obriga a Deputación en virtude deste convenio poderán ser realizadas mediante calquera forma de xestión das previstas na lexislación de réxime local, agás as relacionadas na letra i) do apartado anterior, que se realizará en todo caso en réxime de xestión directa.

4. Como contraprestación pola asistencia prestada, o Consorcio de Augas de Valdeorras aboaralle á Deputación Provincial as seguintes cantidades:

- En concepto de prezo público, polas prestacións relacionadas nos apartados a) a h), ámbolos dous incluídos, a cantidade de 152.844,51 euros (IVE incluído).

- En concepto de compensación polos custes de enerxía eléctrica soportados pola Deputación, a cantidade efectivamente facturada á Deputación pola empresa subministradora neste concepto. Con carácter estimativo, para o 2017 prevese un importe de 30.000 euros.

O prezo público e a compensación por enerxía eléctrica facturaranse cuadrimestralmente, mediante tres cotas anuais iguais, pola Deputación ao Consorcio, mediante a aprobación e notificación da correspondente liquidación, dispoñendo o Consorcio dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Transcorrido o dito prazo sen realizarse o pagamento da liquidación, a Deputación poderá exercer cantas accións

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo da cantidade adebedada, incluíndo a compensación da dita débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

5. A prestación de asistencia pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión dos servizos, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestar asistencia á dita xestión consorcial, nos termos recollidos nesta cláusula.

Segunda.- Duración

Este convenio terá unha vixencia dun ano, iniciando os seus efectos o 1 de xaneiro de 2017, e expirando o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes.

Terceira.- Modificación do convenio

O convenio poderá ser obxecto de modificación, durante a súa vixencia, por acordo expreso entre as administracións asinantes.

En particular, procederá a modificación do convenio nos supostos en que se produzan modificacións substanciais no contido das prestacións, ben sexa por acordo entre as partes ou como resultado de modificacións normativas que afecten ás especificacións técnicas que deban cumprir os servizos asistenciais prestados.

Cuarta.- Resolución anticipada do convenio

O convenio extinguirase polo transcurso do seu prazo de duración. Ademais, poderá ser obxecto de resolución anticipada por mutuo acordo entre as administracións implicadas.

O convenio poderá ser obxecto de resolución anticipada por decisión unilateral de calquera das administracións implicadas, con suxeición ás seguintes regras:

- A resolución do convenio deberá ser anunciada cunha antelación mínima de seis meses con respecto á data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación, reducíndose a só tres meses cando a causa da resolución do convenio sexa o

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

incumprimento de obrigas convencionais esenciais ou a produción dun desequilibrio económico – financeiro.

- Corresponderalle á Deputación Provincial a aprobación, con carácter executivo, da liquidación correspondente, na que se incluírán os danos e perdas causados pola resolución anticipada, e, se é o caso, os derivados de posibles incumprimentos do convenio.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Establécese unha Comisión de Seguimento de carácter paritario, integrada polos seguintes membros:

- Un representante do Consorcio, designado por este entre os representantes dos municipios na súa Asemblea.
- Un representante da Deputación, que será designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión un funcionario da Deputación, designado polo seu presidente.

A comisión terá funcións de control, seguimento e interpretación deste convenio, conforme co establecido no artigo 49.f) da Lei de réxime xurídico do sector público.

Sexta.- Natureza e réxime xurídico. Xurisdición competente

Este convenio ten o carácter de convenio de colaboración entre administracións públicas, ao abeiro do disposto no artigo 4.1., apartado c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sendo o seu réxime xurídico o propio deste tipo de convenios segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei.

En todo caso, os actos administrativos ditados en execución ou interpretación deste convenio poderán ser impugnados polos interesados de conformidade co sistema de recursos establecido no ordenamento xurídico.

Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa a resolución en vía xudicial dos conflitos que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

2º.- Este convenio será obxecto de publicación no BOP de Ourense, para xeral coñecemento.

17.f) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA, XURÍDICA E ADMINISTRATIVA NA XESTIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DE DEPURACIÓN DE AUGAS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

RESIDUAIS DA COMARCA DE VALDEORRAS DURANTE O EXERCICIO 2017.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Vicesecretaría Xeral desta Deputación, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa na xestión do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais da comarca de Valdeorras para o exercicio 2017, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto e fundamento do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial, de asistencia técnica, xurídica e administrativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión delegada do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais.

A subscrición deste convenio pola Deputación Provincial realízase no exercicio da súa competencia para a asistencia e cooperación cos municipios e demais entidades locais, prevista no artigo 36.1.b) da Lei de bases de réxime local.

A subscrición deste convenio polo Consorcio de Augas de Valdeorras realízase no exercicio da competencia de xestión do servizo público intermunicipal de depuración de augas residuais, delegada no Consorcio a través dos seus Estatutos, aprobados polos concellos da comarca ao integrarse no Consorcio.

Segunda.- Asistencia técnica, xurídica e administrativa da Deputación ao Consorcio de Augas de Valdeorras

1. En virtude deste convenio, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, as seguintes prestacións:

a) Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo das infraestruturas de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

b) Colaboración no mantemento correctivo das estacións de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio, incluíndo a supervisión e asistencia técnica e a subministración de repostos que sexan necesarios.

c) Programación e supervisión técnica dos traballos de baleirado e limpeza das fosas sépticas existentes nos municipios da comarca e traslado dos lodos a unha planta de tratamento.

d) Xestión de lodos en infraestruturas de depuración non dependentes do Consorcio de Augas, no caso de ser necesaria.

e) Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados co servizo, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

f) Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia técnica na prevención dos riscos laborais do persoal do Consorcio.

g) Realización dos controis analíticos esixidos pola lexislación vixente na auga tratada nas infraestruturas de depuración.

h) Xestión da contratación da subministración de fluído eléctrico para as infraestruturas de depuración.

2. As prestacións a que se obriga a Deputación en virtude deste convenio poderán ser realizadas por esta mediante calquera forma de xestión prevista na lexislación de réxime local, agás a recollida na letra h) do apartado 1 desta cláusula, que será realizada en todo caso mediante xestión directa.

3. Como contraprestación pola asistencia prestada, o Consorcio de Augas de Valdeorras aboaralle á Deputación Provincial as seguintes cantidades:

- En concepto de prezo público, a cantidade de 271.464,52 € (IVE incluído).
- En concepto de compensación polos custes de enerxía eléctrica soportados pola Deputación, a cantidade efectivamente facturada á Deputación pola empresa subministradora neste concepto. Con carácter estimativo, para 2017 prevese un importe de 170.100 euros.

O prezo público e a compensación polo custe da enerxía eléctrica facturaranse cuadrimestralmente pola Deputación ao Consorcio, mediante a aprobación e notificación da correspondente liquidación, dispoñendo o Consorcio dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Unha vez transcorrido o dito prazo sen realizarse o pagamento da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

liquidación, a Deputación poderá exercer cantas accións legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo da cantidade endebedada, incluíndo a compensación da dita débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

4. A prestación de asistencia pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión do servizo, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestarlle asistencia á dita xestión consorcial, nos termos recollidos nesta cláusula.

Terceira.- Duración

Este convenio terá unha vixencia dun ano, iniciando os seus efectos o 1 de xaneiro de 2017, e expirando o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes.

Cuarta.- Modificación do convenio

O convenio poderá ser obxecto de modificación, durante a súa vixencia, por acordo expreso entre as administracións asinantes.

En particular, procederá a modificación do convenio nos supostos en que se produzan modificacións substanciais no contido das prestacións, ben sexa por acordo entre as partes ou como resultado de modificacións normativas que afecten ás especificacións que deban cumprir os servizos prestados.

Quinta.- Resolución anticipada do convenio

O convenio extinguirase polo transcurso do seu prazo de duración. Ademais, poderá ser obxecto de resolución anticipada por mutuo acordo entre as administracións implicadas.

O convenio poderá ser obxecto de resolución anticipada por decisión unilateral de calquera das administracións implicadas, con suxeición ás seguintes regras:

- A resolución do convenio deberá ser anunciada cunha antelación mínima de tres meses con respecto á data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación, reducíndose a só un mes cando a causa da resolución do convenio sexa o

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

incumprimento de obrigas convencionais esenciais ou a produción dun desequilibrio económico – financeiro.

- Corresponderalle á Deputación Provincial a aprobación, con carácter executivo, da liquidación correspondente, na que se incluírán os danos e perdas causados pola resolución anticipada, e, se é o caso, os derivados de posibles incumprimentos do convenio.

Sexta.- Comisión de Seguimento

Establécese unha comisión de seguimento de carácter paritario, integrada polos seguintes membros:

- Un representante do Consorcio, designado por este entre os representantes dos municipios na súa Asemblea.
- Un representante da Deputación, que será designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión un funcionario da Deputación, designado polo seu presidente.

A comisión terá funcións de control, seguimento e interpretación deste convenio, conforme co establecido no artigo 49.f) da Lei de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- Natureza e réxime xurídico. Xurisdición competente

Este convenio ten o carácter de convenio de colaboración entre administracións públicas, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 apartado c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sendo o seu réxime xurídico o propio deste tipo de convenios segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei.

En todo caso, os actos administrativos ditados en execución ou interpretación deste convenio poderán ser impugnados polos interesados de conformidade co sistema de recursos establecido no ordenamento xurídico.

Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa a resolución en vía xudicial dos conflitos que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

2º) Este convenio será obxecto de publicación no BOP de Ourense, para xeral coñecemento.

17.g) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA, XURÍDICA E ADMINISTRATIVA NA XESTIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS NO MUNICIPIO DO BARCO DE

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

VALDEORRAS DURANTE O EXERCICIO 2017.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Vicesecretaría Xeral desta Deputación, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa na xestión do servizo de sumidoiros no municipio do Barco de Valdeorras para o exercicio 2017, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio

1. Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial, de asistencia técnica, xurídica e administrativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión delegada do servizo municipal de sumidoiros no municipio do Barco de Valdeorras.

A subscrición deste convenio pola Deputación Provincial realízase no exercicio da súa competencia para a asistencia e cooperación cos municipios e demais entidades locais, prevista no artigo 36.1.b) da Lei de bases de réxime local.

A subscrición deste convenio polo Consorcio de Augas de Valdeorras realízase no exercicio da competencia de xestión do servizo público municipal de sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras, delegada no Consorcio por acordo do Pleno do Concello do Barco de Valdeorras.

2. En virtude deste convenio, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, as seguintes prestacións:

- a) Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.
- b) Mantemento correctivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.
- c) Supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de saneamento.
- d) Asistencia para a elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de saneamento.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

e) Formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais.

f) Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

g) Xestión da contratación da subministración de enerxía eléctrica para as infraestruturas afectas ao servizo.

3. As prestacións a que se obriga a Deputación en virtude deste convenio poderán ser realizadas mediante calquera forma de xestión das previstas na lexislación de réxime local, agás as relacionadas na letra g) do apartado anterior, que se realizará en todo caso en réxime de xestión directa.

4. Como contraprestación pola asistencia prestada, o Consorcio de Augas de Valdeorras aboaralle á Deputación Provincial as seguintes cantidades:

- En concepto de prezo público, polas prestacións relacionadas nos apartados a) a f), ámbolos dous incluídos, a cantidade de 48.101,01 euros (IVE incluído).

- En concepto de compensación polos custes de enerxía eléctrica soportados pola Deputación, a cantidade efectivamente facturada á Deputación pola empresa subministradora neste concepto. Con carácter estimativo, para o 2017 prevese un importe de 31.150 euros.

O prezo público e a compensación por enerxía eléctrica facturaranse cuadrimestralmente, mediante tres cotas anuais iguais, pola Deputación ao Consorcio, mediante a aprobación e notificación da correspondente liquidación, dispoñendo o Consorcio dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Transcorrido o dito prazo sen realizarse o pagamento da liquidación, a Deputación poderá exercer cantas accións legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo da cantidade adebedada, incluíndo a compensación da dita débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

5. A prestación de asistencia pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión dos servizos, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestar asistencia á dita xestión consorcial, nos termos recollidos nesta cláusula.

Segunda.- Duración

Este convenio terá unha vixencia dun ano, iniciando os seus efectos o 1 de xaneiro de 2017, e expirando o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes.

Terceira.- Modificación do convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación, durante a súa vixencia, por acordo expreso entre as administracións asinantes.

En particular, procederá a modificación do convenio nos supostos en que se produzan modificacións substanciais no contido das prestacións, ben sexa por acordo entre as partes ou como resultado de modificacións normativas que afecten ás especificacións técnicas que deban cumprir os servizos asistenciais prestados.

Cuarta.- Resolución anticipada do convenio

O convenio extinguirase polo transcurso do seu prazo de duración. Ademais, poderá ser obxecto de resolución anticipada por mutuo acordo entre as administracións implicadas.

O convenio poderá ser obxecto de resolución anticipada por decisión unilateral de calquera das administracións implicadas, con suxeición ás seguintes regras:

- A resolución do convenio deberá ser anunciada cunha antelación mínima de seis meses con respecto á data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación, reducíndose a só tres meses cando a causa da resolución do convenio sexa o incumprimento de obrigas convencionais esenciais ou a produción dun desequilibrio económico – financeiro.

- Corresponderalle á Deputación Provincial a aprobación, con carácter executivo, da liquidación correspondente, na que se incluírán os danos e perdas causados pola resolución anticipada, e, se é o caso, os derivados de posibles incumprimentos do convenio.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Establécese unha Comisión de Seguimento de carácter paritario, integrada polos seguintes membros:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016

- Un representante do Consorcio, designado por este entre os representantes dos municipios na súa Asemblea.

- Un representante da Deputación, que será designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión un funcionario da Deputación, designado polo seu presidente.

A comisión terá funcións de control, seguimento e interpretación deste convenio, conforme co establecido no artigo 49.f) da Lei de réxime xurídico do sector público.

Sexta.- Natureza e réxime xurídico. Xurisdición competente

Este convenio ten o carácter de convenio de colaboración entre administracións públicas, ao abeiro do disposto no artigo 4.1., apartado c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sendo o seu réxime xurídico o propio deste tipo de convenios segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei.

En todo caso, os actos administrativos ditados en execución ou interpretación deste convenio poderán ser impugnados polos interesados de conformidade co sistema de recursos establecido no ordenamento xurídico.

Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa a resolución en vía xudicial dos conflitos que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

2º) Este convenio será obxecto de publicación no BOP de Ourense, para xeral coñecemento.

17.h) CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PARA A XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO EN ALTA “RAZAMONDE – SAN TROCADO” DURANTE O 1º SEMESTRE DE 2017.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Vicesecretaría Xeral desta Deputación, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar a subscrición do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a prestación de asistencia para a xestión das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde –

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

San Trocado” durante o primeiro semestre de 2017, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial aos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro do servizo de asistencia e cooperación para a xestión, durante o primeiro semestre de 2017, das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde - San Trocado”, consistente na adución de auga potable constituída pola captación na marxe dereita do río Miño (encoro de Castrelo de Miño), ETAP (estación de tratamento de auga potable) de 20 l/s, bombeo en ferverza de 20 l/s a Razamonde e San Trocado, depósito de Razamonde (250 m³), depósito de San Trocado (500 m³) e rede arterial en alta.

Este convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

2ª) Condicións da prestación do servizo

A Deputación Provincial prestaralles aos concellos adheridos a este convenio, durante o primeiro semestre de 2017, a asistencia técnica necesaria para a xestión do sistema de abastecemento en alta Razamonde - San Trocado, incluíndo a asistencia técnica para a xestión do seu funcionamento ordinario, a realización do seu mantemento preventivo e as obrigas de control analítico derivadas do RD 140/2003. Con respecto ao mantemento correctivo a asistencia técnica prestada limitarase ao asesoramento e ás axudas de persoal electromecánico ou de fontanería especializado necesarias, pero non inclúe o custo de reparacións que non se poidan facer in situ, e requiran a intervención de terceiros, nin material de substitución.

Tamén quedan excluídas desta asistencia técnica o resto de instalacións do servizo municipal de abastecemento de augas en cada un dos concellos.

O servizo de asistencia será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente. Exceptúase desta previsión a asistencia para a xestión da subministración de enerxía eléctrica, que será realizada directamente pola Deputación Provincial, asumindo a contratación e pagamento da subministración, que será obxecto de repercusión aos concellos, nos termos previstos na cláusula 3ª.

En todo caso, a instalación pública obxecto desta asistencia técnica conservará en todo momento o seu carácter de infraestrutura pública intermunicipal, de titularidade compartida entre os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro, correspondéndolles a súa xestión aos ditos concellos, sen prexuízo da asistencia da Deputación.

3ª) Retribución económica

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

a) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a Cenlle: **1.857,29 euros/mes** (IVE non incluído)

b) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a Punxín: **1.160,80 euros/mes** (IVE non incluído)

c) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a San Amaro: **1.625,13 euros/mes** (IVE non incluído)

d) Tarifa variable por cada m³ de auga potable que se subministre desde o sistema en alta dende a ETAP de Razamonde, **a 0,1219 €/m³** (IVE non incluído); e **a 0,2829 €/m³** (IVE non incluído), consumido por cada concello dende o bombeo de San Trocado.

Ás tarifas sinaladas aplicaráselles o IVE vixente en cada momento.

As tarifas variables liquidaráselle a cada concello en función dos m³ de auga subministrados a cada un.

A Deputación Provincial aprobará a oportuna liquidación semestral, referida ao 30 de xuño de 2017, que se lles notificará aos concellos outorgándolles un prazo de trinta días para o seu pago. Nas liquidacións semestrais incluíranse as tarifas variables correspondentes ao consumo efectivo e á parte proporcional das tarifas fixas.

4ª) Comisión de seguimento

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de decembro de 2016
--

Establécese unha comisión de seguimento do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación (ao que lle corresponderá a súa presidencia), o director da Área de Medio Ambiente e dous representantes de cada concello designados polos respectivos alcaldes. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Comisión de Seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Presidencia da Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

5º) Vixencia

Este convenio estará vixente entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2017.

6º) Extinción do convenio

Este convenio só poderá ser resolto polo cumprimento do prazo da súa vixencia.

7º) Natureza e réxime xurídico

Este convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

2º.- Ordenar a publicación deste convenio no BOP, para xeral coñecemento.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e tres de decembro do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,